

Exercicio de contención

Un doloroso entendemento



ROMÁN RAÑA

A poesía de Antón L. Dobao (Lugo, 1963) nunca foi estridente, constituíu, sempre, un soberano exercicio de contención. O seu recente *Onde o ollar comeza a doer* avala esta afirmación. O territorio dos seus versos é, pois, o calado dicir ou o dicir calando con extremada timidez os episodios que torturan a súa alma. Porque a dor está moi presente neste libro onde as derrotas morden as pupilas nun mundo como vontade e representación, como incerteza. Podemos abordar estes versos dun modo superficial e non atopar neles nada que conmovia. Mais se realizamos unha lectura máis minuciosa e máis profunda axiña achamos que, detrás da pátina dunha aparente obxectividade, transparece un espírito enchido de inquietude, transido de doenza, humillado por un vacío que o deshabita. Ese baleiro pode ter o nome da soidade, ese sentimento que como unha espada corta o máis

profundo do ser, secciona a súa conciencia, fai estéril o acto de resistir escribindo: “Por dentro/unha poza de cristais abertos/ao redor dun lugar desocupado.”

A poesía de Antón Dobao é un doloroso entendemento. A esencial descuberta de que o real é a desaparición, a morte: “O que quede de min serán obxectos.” Por iso o artista fica magoado cando se decata do imparábel decorrer do tempo: “o paso dos segundos convértese/no acontecemento máis emotivo da existencia.” Entón abrolla o temor a tantas cousas, entre elas: “Só me pon medo/esvaecerlle os nomes á soidade.”

Entón o discurso poético éñchese de imaxes, límites, reflexos. As formas, os obxectos, a súa xeometría, son un escenario insensíbel ao que acontece no interior do artista. Dentro desta imperturbábel presenza Eros vai dominando caladamente todo, é a forza secreta que mobiliza o mundo: “A carne é quen máis ordena./Ferida que nunca cicatrizará.”

Poesía intimista que revela un corazón lacerado onde a única luz que se vislumbra é un “ti” de amor. Esta outridade amada evidencia que todo o que se edifica e perdura esixiu, previamente, un abandono infinito como a onda que nos arrastra e nos deposita na ourela do vivido.

DOBAO, X. *Antón L., Onde o ollar comeza a doer*, Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2007, 63 páxinas.

